

editorial

**Para que a democracia
medre por todas partes
e alí onde está más
proscrita: na economía**

**Os tempos difíciles
sempre pon a proba
a nosa coherencia**

**Aos mercados
da vergoña
opomos decididamente
a ética da transformación**

COOP57 - GALIZA
r/ Fernández Villaverde 4,
1º andar drta.
36002 Pontevedra
Tel. 986 89 65 26
correo-e: galicia@coop57.coop

coop57galicia.blogspot.com
www.coop57.coop/galicia

SUMARIO

→ **Encontro Coop57 2011:
un encontro que durará anos**

→ **Novo Balance Social:
avaliando a economía solidaria**

→ **2010 pecha con nova marca:
160 operacións e 70 novas entidades**

→ **Financiamento cooperativo
en tempo de crise**

Da ética da transformación

Terceiro ano da crise sopesando o que queda por facer; baixo a radiografía social dunhas desigualdades crecentes; na estrita realidade de 640.000 persoas pobres e 235.000 persoas desempregadas na Galiza; e cun exercicio pechado novamente con millonarios beneficios bancarios, que desde 2003 disparáronse até os 150.000 millóns de euros acumulados.

Unha crise que vai por barrios e vai por clases e que lembra que vivimos un ciclo de burbuilla financeira extensa, de tsunami especulativo devastadoramente intenso, onde uns mitificados modelos de crecemento neoliberal –diñeiro fácil, negocio rápido, pelotada ao momento– caéronnos enriba. E como o feito e non feito sempre pasa factura, as modas pasan e quedan só as ruínas e os cascallos. Máis áinda cando a saída desta crise de amplio espectro e longo alcance definirá o modelo socioeconómico do futuro e as condicións de vida das xeracións vindeiras. Non é pouco.

Implicadas como estamos na construcción da democracia social e económica, custa crer que en tan poucos anos determinadas élites enriqueceránse xeometricamente e concentrárense tanto poder. Unha lóxica vampírica de acumulación que demostra que, áinda que o rei vai espido, a factura e a fractura da crise dos bancos págase desde abaixo, no medio de gastos chamamentos a apertarse o cinto e traballar máis por menos. E para eles. Chamamentos que non deixan de ter o reisaibo amargo da fraude: quen fixo a persoa enferma, pretende agora vendernos o hospital.

Contra a inercia de estar na obriga de acatar, por imposición, vellas medidas neoliberais sobradamente coñecidas en causas e efectos, seguimos crendo que non hai nada máis transformador e liberador que abrir portas e xanelas, xerar novos escenarios e demostrar que se pode saír da crise desde outros parámetros, valores e prácticas. Desobedecendo os ditados dos mercados financeiros tamén sopesamos que, dacabalo da crise, as oportunidades medran. A recente bancarización das caixas –que envían ao lixo da historia un modelo adulterado de caixas, pero que naceu do mutualismo social– deixou un novo páramo, a modo de deserto e campo baldío, onde fará falta labrar á procura dun modelo de finanzas comprometido co país, que non é máis nada que a súa xente. Modelo que trata de conxugar o abecedario de futuro: ética, solidariedade, redes sociais e arraigado desenvolvemento comunitario. Para que a democracia medre por todas partes e alí onde está más proscrita: na economía.

Contra unhas finanzas de casino, fai falta dicir hoxe, moi ao seu pesar e áinda que se diga pouco, que miles de persoas xa están –hoxe, agora e aquí– activamente comprometidas coa economía social e solidaria; conscientemente implicadas nun modelo socioeconómico que pon no epicentro as necesidades humanas e sociais; e eticamente mobilizadas para facer que o cambio se forxe, arraigue e medre. Os tempos difíciles sempre poñen a proba a nosa coherencia. Por iso seguimos andando xuntas; insistindo nun círculo virtuoso e cooperativo que di que podemos facer moito máis do que pensamos; constatando que sen a nosa inercia os mercados non son nada; e traballando para non manter unha estrutura social inxusta e desigual ‘nin no noso nome nin co noso diñeiro’.

Somos millóns e o planeta non é seu, berraba José Agustín Goytisolo. En todo o mundo e en case todas partes, miles de esperanzas anónimas concréтанse en pasos cotiáns cara á transformación. Aceños de raíz e compromisos de base que, en pleno debate sobre como saír da crise, fannos escoller unha vez máis a ética das responsabilidades e a ética das conviccións. Porque eliximos sempre ambas. Libres e responsábeis nas nosas conviccións. E á vez absolutamente convencidas e convencidos de todas as nosas responsabilidades.

Por iso, aos mercados da vergoña opomos decididamente a ética da transformación. Ética persoal, colectiva e transfrébel que fai real a solidariedade e fai viábel e transitábel outro camiño: que cambia o modelo e cámbianos a nós.

Ética da ruptura coa fraude, que desmonta as ‘saídas únicas’ do mito neoliberal e ispe a mentira financeira. Ética: se non nos mobiliza a xustiza, que polo menos nos mobilice a vergoña. Ética: para saír da trampa e facer o necesario contra o seu mundo imposible. Transformación: por isto imos lentos, pero a paso firme, porque imos lonxe. Futuro: aos poucos e paso a paso. Ata que aos homes e as mulleres, como diría Ovidi Montllor, “non se lles pese con balanzas”. Até entón.



reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

2011 un encontro que durará anos

Co gallo do 15º aniversario de Coop57 consumado o pasado ano, Barcelona acollerá o próximo outubro o Encontro Estatal de Coop57, un espazo social para reflexionar sobre o futuro das finanzas éticas, solidarias e cooperativas.

15 anos son 5.475 días e tamén máis de 600 proxectos sociais financiados. Motivo aparentemente suficiente non para grandes celebracións, nos tempos que corren, pero si para celebrarmos, atoparmos e construírmos unha pequena experiencia colectiva e comunitaria de finanzas éticas e solidarias. 15 anos xa: e entre 1995 e 2010 cambiou a sociedade e cambiamos nós. Por esta razón, todas as seccións territoriais e a propia Asemblea Xeral de Coop57 aprobaron impulsar para este 2011 o I Encontro Estatal de Coop57, que se celebrará nas Cotxeres de Sants de Barcelona os próximos 22 e 23 de outubro.

Un encontro que pretende facer retrospectiva dos últimos 15 anos e proxectar-nos cara aos vindeiros 15.

A motivación principal que enriqueceu a proposta de encontro é unha necesaria reflexión sobre o camiño transitado



O Encontro 2011, un proceso de debate.

Revisitar, resituar e actualizar

E entre as razóns subxacentes para a reflexión, e que suscitan a virtude de se atopar, salientamos a actualización dos principios e valores fundacionais e fundamentais de Coop57, a posta ao día do seu papel como dobre útil das finanzas éticas e, á vez, da transformación social, e os retos e riscos directos que todo crecemento implica. E por suposto, a nosa contribución presente e futura á edificación dun sistema integral de finanzas éticas e as posibilidades pouco exploradas aínda de reforzar a intercooperación e a construcción de mercado social. Por iso, o Encontro está concibido como un proceso: proceso de debate e reflexión colectiva que se irá producindo e reproduciendo durante todo o ano en todas as seccións e que culminará na xuntanza dos días 22 e 23 de outubro en Barcelona.

Para chegar a bo porto, Coop57 xa estableceu un calendario preparato-

rio. De aquí a xuño realizaranse, coa implicación de todas as seccións, as primeiras tarefas técnicas e os primeiros debates para, entre xuño e setembro, difundir o programa e a dinámica do Encontro. Aberta a todas as persoas e entidades que forman parte de Coop57, a iniciativa aposta por unha fórmula de autofinanciamento e autoxestión por parte das entidades socias de servizos e dos socios e socias colaboradores. Ademais, todos os servizos contratados proveranse da economía social e solidaria e se implementarán mecanismos equilibradores e igualitarios para que a falta de recursos non sexa un obstáculo para tomar parte do Encontro 2011. Debates, grupos de reflexión, espazo de cultura e exposicións completarán a iniciativa dun encontro que está chamado a durar anos. Polo menos, 15 máis.



A participación e implicación das socias e socios, clave do Encontro.

e o que aínda queda por percorrer. Máis aínda, cando Coop57 experimentou un continuado medre social e económico que cambiou as primeiras preguntas iniciais e estavas facendo buscar novas respostas: Que entendemos hoxe por finanzas éticas? Que papel debería desenvolver Coop57? Que implica o traballo en rede? Que carácter transformador ten o movemento social por unha economía solidaria? Sen obviar a futura orientación estratégica de Coop57 ou o afondamento nos mecanismos de participación, transparencia e democracia directa de todas as persoas e entidades que fan posibel que Coop57 sexa unha realidade consolidada. Atentas tamén ás necesarias melloras no eido da comunicación; á ampliación e capilaridá das bases e redes sociais; a regar as sementes que nos fan avanzar cara a un modelo socioeconómico ético e social, sustentábel e solidario.

2010 O ano pecha con n

70 novas entidades socias

250 novos socios e socias colaboradores

160 proxectos por valor de **6.207.468 €**

8M€ depósitos por valor de **8.060.552 €**

1M€ Un millón de euros adicional na xestión de títulos participativos

Durante 2010, Coop57 volvveu medrar de acordo coas súas propias formulacións: de forma sustentábel, sostida e social. 70 novas entidades socias e 250 persoas asociáronse á cooperativa durante o ano pasado. Actualmente Coop57 xa é propiedade de 350 cooperativas, entidades e asociacións, co compromiso imprescindible de 1.179 socios e socias colaboradores.

Coop57, novo Balance Social 2010

Coop57 publica os resultados da auditoría social impulsada pola XES

En novembro pasado, a Xarxa d'Economía Solidaria de Catalunya presentou os resultados da súa última edición do Balance Social. Na edición 2010 tomaron parte 50 cooperativas e entidades, nun universo onde están implicadas máis de 26.610 persoas e traballan 3.500 persoas. Respecto dos servizos centrais de Coop57, os resultados más significativos foron os seguintes:

Exercicio 2009 | Coop57

Coop57 | Cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios | 5 persoas traballadoras asalariadas | 284 entidades socias propietarias | 1.057 socias colaboradoras

DEMOCRACIA INTERNA | Participación do 29% das entidades e o 10% socias colaboradoras na toma de decisións.

IGUALDADE | 4 mulleres en cargos directivos (sobre 15). Escala salarial de 1/2.

SUSTENTABILIDADE | Política activa en reciclaxe, baixos consumos e reutilizacións.

PARTICIPACIÓN COMUNITARIA | 7% de tempo voluntario dedicado á XES (REAS), Federación de Cooperativas de Traballo de Catalunya (FCTC), Fets, Aposta-Escola de Cooperativismo, Proxecto Fiare e a Acusación Popular contra a Corrupción do 'Caso Millet'. Cesión de 3.000 euros (valorados) en infraestruturas e achegas de 1.850 euros a movementos sociais, con cotas de apoio ás publicacións *Punt.coop*, *Directa*, *Illacrua* e *Diagonal*, entre outros.

CALIDADE LABORAL | Valoración do 6,75 (sobre 10) da calidade laboral. 40 horas de formación.

CALIDADE PROFESIONAL | Valorada cun do 8,90 (sobre 10) a calidade profesional. Galardoados co I Premio de Ética Proteus.

COMPRA E INVESTIMENTO SOCIAL | 100% das provedoras (19) e o 100% da clientela (284) pertencen á economía social e solidaria.

OUTROS | Contribúese activamente ao proceso de normalización das diferentes linguas, nun marco plurinacional e plurilingüe, e está prevista a cooperativización futura de todas as persoas traballadoras.



nova marca

Nos últimos 12 meses aprobarónse 160 operacións de préstamos por un valor de máis de 6 millóns de euros, un incremento do 30% respecto o exercicio 2009 e en plena época de crise. Cifras ás que fai falta engadir un millón de euros adicionais na xestión de títulos participativos, unha proposta nada en 2006 e que se consolidou definitivamente como instrumento financeiro alternativo.


2011, ao 2%

Todas as asembleas de seccións territoriais, así como a Asemblea Xeral de todos os Coop57 celebrada o pasado 5 de febreiro en Sevilla, aprobaron por unanimidade situar nun 2% anual a remuneración das achegas das socias colaboradoras durante o exercicio 2011. Ao mesmo tempo, tamén se aprobou simplificar o actual modelo de depósitos, renunciando á dobre opción de achegas a un ou tres anos. De agora en diante, haberá un único modelo de achega a un prazo mínimo dun ano, renovábel automaticamente, coa posibilidade de facer achegas periódicas. A achega poderase recuperar en calquera momento, pero se solicitar antes do primeiro ano, non se remunerarán os xuros xerados nos últimos dous meses.

Finanzas éticas e terceiro sector

Un informe sitúa a Coop57 como a primeira entidade financeira ética utilizada polo terceiro sector en Catalunya

O recente informe *Entidades Financeiras e Terceiro Sector*, publicado en xaneiro pola Mesa de Entidades do Terceiro Sector Social de Catalunya para amosar as relacións económico-financeiras das entidades sociais co mundo bancario, constata que, a pesar da súa pequena dimensión, Coop57 é a séptima entidade más utilizada de Catalunya. E a primeira do ámbito das finanzas éticas. A investigación tamén constata que os principios éticos son o terceiro aspecto máis valorado, case empatado cos dous primeiros (axilidade operativa e atención á clientela) e o cuarto: a transparencia. O informe está baseado tamén nas achegas da xornada 'Investir nas persoas' que se celebrou no Auditorio Caixa-fórum de Barcelona o pasado 16 de decembro e está disponible integralmente na rede: www.tercersector.cat



Asemblea de Sección de Coop57 Catalunya.

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

NOVAS ENTIDADES SOCIAIS

Catalunya

2º semestre 2010

Asociación de Familiares de Enfermos Mentales Dr. Francesc Tosquelles

Asociación nada en 1997 no Hospital Psiquiátrico Universitario do Institut Pere Mata (Reus, Baix Camp, Tarragona), impulsada por un grupo de familiares e coidadoras de persoas con enfermidades mentais.



Con 53 persoas socias, traballa en tarefas de apoio, asesoramento e información das familias para combater a sobrecarga emocional, a estigmatización social e o risco de exclusión. En 2003 fundou o Club Social El Porxo, con 70 usuarias, que fomenta as relacións coa contorna social.

La Masía de la Guineueta

Asociación de tempo libre nacida o 1993 en 9Barris (Barcelona) como evolución do Casal de Mocidade, coa vontade de coordinar a tarefa educativa e co obxectivo de recuperar



a Masía de Ca N'Ensenya, que abriu 7 anos despois completamente rehabilitada. De propiedade municipal, a asociación ten cedida a xestión e desenvolve múltiples actividades, alternativas de lecer

infantil e xuvenil –centro lúdico e Casal de Mocidade–, así como o fomento e fortalecemento da rede comunitaria.

sites.google.com/site/lamasiadelaguineueta/home

Tamaia, mujeres contra la violencia S.C.C.L.



Asociación de mulleres nada en 1992 en Barcelona para apoiar ás mulleres maltratadas que en 2006 se reconstituiu como cooperativa de traballo. Pionera na sensibilización e visibilización social da violencia machista e familiar, a cooperativa dedicase á prevención e tratamento da violencia sexista e ao seguimento e apoio ás mulleres procedentes de casas de acollida. Está relacionada con Ca la Dona, o movemento feminista e o tecido asociativo

tamaiaviuresenseviolencia.blogspot.com

El Timbal S.C.C.L.

Con 41 anos de experiencia acumulada e máis de 11.000 alumnos e alumnas, o Centro de Formación e Creación Escénica ElTimbal é unha escola de persoal das artes escénicas e creativas –fundada por Anton Font Bernadet, impulsor de Els Joglars– que se converteu en cooperativa de traballo o pasado ano. Con sede en Barcelona e con 4 socias, ten por obxecto social o fomento, a difusión e a proxección social das artes escénicas.



www.eltimbal.org

El Tatanet

Asociación para a Crianza Compartida, sen ánimo de lucro e fundada en 2008, que foi impulsada por un grupo de pais e nais desconformes co modelo educativo actual e que anhelaban un modelo educativo compartido. Con sede no barrio de Sants de Barcelona, seis familias xa se implican activamente na responsabilidade da educación das súas fillas e fillos (entre 2 e 6 anos), con apoio profesional. É membro da Rede de Educación Libre (XELL) e está interrelacionada co movemento social e vecinal do barrio.

eltatanet.blogspot.es



Colectivo Maloka Colombia

Comité de solidariedade con Colombia, arraigado en Barcelona e nado en 1998, que centra o seu labor na denuncia das violacións dos dereitos humanos e na organización de brigadas solidarias a través da IPO (International Peace Observatory).



Integrado por persoas colombianas e catalás, é unha asociación sen ánimo de lucro que centra a súa tarefa primordial na solidariedade cos movementos sociais colombianos e con colectivos de mulleres inmigradas, por exemplo Mulleres Pa'lante. Está formado por 34 socios e socias e 9 persoas traballadoras.

www.colectivomaloka.org

Roba Amiga S.C.C.L.

Cooperativa de servizos nacida en 2006 a raíz do Programa Roba Amiga para a reutilización de roupa en bo estado e a inserción sociolaboral de persoas con dificultades especiais.



Integrada por cinco empresas de inserción –Formació i Treball, Solidança, ADAD L'Encant (socias de Coop57), Recibaix e Trobades– son a referencia catalá na xestión do residuo téxtil desde a economía social. Con sede social en Sant Adrià de Besós (Barcelona) ocupa a 100 persoas, un 60% das cales en proceso de inserción. É membro de FEICAT (Federación de Empresas de Inserción de Catalunya) e Servicoop (Federación de Cooperativas de Servizos e de Cooperativas de Transportistas de Catalunya).

ca.robaamiga.cat

Copertext S.C.C.L.

Cooperativa de traballo nacida en 2008 por mor da quebra dunha empresa do sector téxtil –‘Las 100.000 camisas’– de onde proveñen as catro persoas socias actuais. Xestiona tres tendas en Sabadell, Mollet do Vallès e Lleida; mantivo os postos de traballo e impulsou unha saída cooperativa á crise do comercio de barrio e proximidade. É membro da FCTC (Federación de Cooperativas de Trabajo de Catalunya).



Fundació CONFAVC

Fundación impulsada en 2006 pola Confederación de Asociaciones Vecinales de Catalunya que ten a súa orixe no Centro de Estudios e Recursos Vecinales nacido en 1998. Como ferramenta do movemento vecinal, o seu obxecto social é dar servizo ás AA.VV. Con sede en Barcelona, fomenta estudos e investigacións, elabora políticas sociais para a mellora das condicións de




vida nos barrios, dinamiza debates, encontros e iniciativas e promove accións para fortalecer a democracia cidadá.

www.fundacioconfavc.cat

Ateneu Popular Rocaus

Ateneo impulsado por un grupo da mocidade de Sallent (Bages, Barcelona) para fomentar o intercambio de ideas e de experiencias colectivas e potenciar o compromiso coa contorna, a creación artística e a estima cara ao patrimonio social e ambiental, co obxectivo de que Sallent sexa unha vila socialmente activa e culturalmente más rica. Formado por 60 persoas socias, abriu portas o pasado 11 de setembro.



www.ateneurocaus.cat

Asociación Girola-Cramp

Asociación que dinamiza un Centro de Recursos para Pais e Nais, en tarefas de asesoramento e orientación respecto da educación de fillas e fillos, nun actual contexto social cambiante e de desigualdades crecientes. Con sede en Salt (Xirona), dá servizo a 35 municipios das comarcas xerundenses, está conformado por 7 persoas e atende anualmente 500 familias.

Tres Branques S.C.C.L.



Cooperativa de traballo, integrada por cinco persoas, constituída o 2006 para xestionar o teatro municipal de Berga e recuperar e vitalizar a xestión cultural de e para a comarca. Tamén dá servizos de asesoramento cultural a outros municipios, en base a un modelo de autoxestión democrática, de promoción da cultura e de dinamización da economía cooperativa.

www.tresbranques.cat

Productes i Serveis de la Vall S.C.C.L.

Cooperativa de servizos de nova constitución e integrada por varias entidades e cooperativas do Val de Campodon, no Pirineo de Xirona: Cuiñes de la Vall, Asociación de Criadores de Yeguas de Montaña del Ripollés, Cooperativa Agrícola y Ganadera del Molló e a Agrupación de Defensa Forestal.



Decidiron unirse e asociarse cooperativamente para unha maior xestión e proxección socioeconómica da economía local.

ACAF - Comunidades Autofinanciadas



Asociación que recupera e implanta as experiencias de banca comunal e apoio mutuo de América Latina a través das denominadas Comunidades Autofinanciadas. Con sede en Barcelona, contribúe ao desenvolvemento humano e económico de persoas con escasos recursos, especialmente as recentemente chegadas, creando redes comunitarias de autofinanciamento autoxestionadas. www.comunidadescaf.org

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

Fundació Iniciatives Solidàries

Fundación impulsada pola asociación do mesmo nome – socia de Coop57–, que naceu nos anos 80 e se profesionalizou en 1995. Promove a acollida e reinserción de colectivos en risco de exclusión (menores,



pessoas inmigradas, persoas presas, drogodependentes en fase de rehabilitación, persoas discapacitadas e de sectores empobrecidos). Actúa fundamentalmente no eido da vivenda e do traballo e dispón de centros en Castelldefels (Baix Llobregat) e Barberà (Vallès Occidental). Impulsou a empresa de inserción Recursos Solidaris, dá traballo a 32 persoas e conta con 58 voluntarias.

www.iniciatives.org

Fundació Aureli M. Escarré per als Drets Col·lectius dels Pobles

Fundación para os Dereitos Colectivos dos Pobos impulsada polo histórico CIEMEN (Centre Internacional Escarré per a les Minorías Ètniques i les Nacions), nacido en 1974 baixo a ditadura e que promove o coñecemento e recoñecemento dos dereitos dos pobos, participa amplamente do movemento altermundista e fomenta varias liñas de investigación social.



E.I. Foresterra S.C.C.L.

Cooperativa de traballo de recente creación, integrada por tres persoas con longa experiencia en actividades de recuperación do patrimonio natural e agrícola do Alt Empordà (Xirona). Con sede en Vilajuiga, impulsa plans de inserción sociolaboral e está estreitamente vinculada a Vía Pirena (24 socias e 300 simpatizantes), entidade que promove o territorio e o turismo útil, respectuoso e non agresivo.

Llar de Persones Sordes de Badalona

Entidade sen afán de lucro nacida en 1974 en Badalona e integrada por 110 persoas socias. Promove actividades culturais, lúdicas, deportivas e formativas,



así como a defensa e promoción dos dereitos das persoas xordas, velando pola súa plena integración. Tamén impulsa o asociacionismo e a formación ocupacional e ten previsto transformarse en cooperativa.

www.llarsordbadalona.org

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras



Fundació Escola Josep Carol



Organización non lucrativa de carácter socioeducativo nada en 1997 a impulso de Escoltes Catalans, para reforzar os servizos educativos e de lecer pedagóxico, ampliando o apoio ao movemento escoltista catalán. Con sede en Barcelona, dá trabalho a 80 persoas e é membro da Rede de Custodia do Territorio, do CNJC (Consejo Nacional de la Juventud de Catalunya) e o CJB (Consejo de la Juventud de Barcelona), así como da Mesa del Tercer Sector Social.
www.josepcarol.org

FaPaC

A Federación de Asociaciones de Madres y Padres de Alumnos de Catalunya é unha histórica asociación de referencia, nacida en 1975, e que reúne e coordina a acción das Asociaciones de Madres y Padres

FAPAC { FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS DE CATALUÑA

de Catalunya (AMPA) para reforzar unha educación pública de calidade, catalá, laica, gratuía, equitativa e democrática. Está integrada por 1.980 AMPAs de todas as comarcas catalás que aglutinan 1.500 escolas, 250 institutos, 100 gardas e tamén escolas de educación especial.
www.fapac.cat

Genera



Entidade barcelonesa nada en 2003 e impulsada por un grupo de mulleres que traballan en diferentes realidades vinculadas ás traballadoras sexuais e ao ámbito da prostitución, desde unha perspectiva de xénero. Traballan en tres eixes de acción: asesoramento, traballo comunitario e incidencia política para exixir dereitos e mellorar a calidade de vida, desterrando estigmas sociais. Chegaron a máis de 2.000 mulleres e traballan en varias plataformas sociais: Plataforma del Trabajo Social y Convivencia, Plataforma por los derechos de las persoas trabajadoras del sexo o la Red Comunitaria contra el VIH/SIDA. www.genera.org.es

Relación de novos socios e socias colaboradores (113) 2º SEMESTRE 2010

Andalucía (7)

- Catalina Olivares Galván/ Fernando Jiménez
- Carlos Aparicio Roso
- Francisco José Velázquez Jordán
- Juan Luis Valle Collantes
- Mónica Toledo Martín
- Cristina Fernández Orellana
- Domingo Clemente Cruz

Aragón (14)

- Miguel Ángel Cortés Rubio
- David Olmo Nadal
- Francisco José Garayoa de Marcos
- Manuel Gracia Portero
- Mercedes Tolón Lahoz
- Elisa Esteban Tolon/Efrain Soteras Sanche
- Teresa Navarro López
- Vanessa Teban Ponce
- Beatriz Zamorano Arantegui i Sergio Palao
- Ana Belén Mota
- Antonio-Eloy Gascón Bosque
- José Miguel Gil Pablo
- Mª Pilar Benito Bergés
- Emilio José Ortín Felipe

Alea Entertainment S.C.C.L.

Cooperativa de servizos recentemente constituída que reúne tres tendas especializadas en xogos de rol e xogos de mesa, que se uniron para afrontar as dificultades do sector e promover a supervivencia do tecido comercial local. Reúne tres tendas de Mataró, El Prat de Llobregat e Granollers que se converteron en ludotecas sociais e puntos de encontro. É membro de Servicoop, a Federación de Cooperativas de Servizos e Transportistas de Catalunya.
www.taikocomics.com



Coopintegradores S.C.C.L.

Cooperativa de traballo impulsada en marzo de 2010 pola Fundación GIMM (Grupo de Inválidos de Mataró y Maresme) e a Asociación GIMM, socia de Coop57, que reúne a 720 asociadas. Formada por catro socias traballadoras, a finalidade é dotar de axilidade e iniciativa o apoio polivalente ás persoas discapacitadas: atención social, integración laboral, vivenda, accesibilidade e sensibilización.
coopintegradoressccl.blogspot.com

Librería Asociativa Sahiri

Asociación cultural, nacida en 2003 en València, que reúne catro socias provenientes de diferentes colectivos implicados nos movementos sociais alternativos, a crítica social e a cultura libertaria. Autoxestiona a librería Sahiri, que é á vez tetería-comedor e punto de encontro social arraigado no barrio do Carme. Implicada no tecido local, impulsou a editorial Burbuja e conta con 250 persoas asociadas.
www.sahiri.com



COOP57-GALIZA

Sete operacións aprobadas por valor de 160.000 €

Durante o segundo semestre de 2010, **Coop57-Galiza** colleu ritmo e aprobou sete operacións, dous préstamos a longo prazo e cinco anticipos de subvencións, dun total de dez operacións desde que comezou a andar en 2009. O primeiro préstamo a longo prazo, por un valor de 36.000 euros a 5 anos, foi para a cooperativa de traballo Andaina, que xestiona o seu propio centro educativo: o préstamo financia investimentos en instalacións, en equipamentos informáticos e proxecto web. A segunda operación a longo prazo foi para a cooperativa Ardora, por un valor de 30.000 euros a 5 anos. Reconecida como mellor proxecto cooperativo do ano 2007 polo Consello Galego de Cooperativas, a operación refinancia operacións crediticias anteriores para axilizar o funcionamento ordinario da entidade, dedicada á formación e o asesoramento ambiental e a prevención de riscos laborais, entre outros.

Cinco anticipos de subvencións

As cinco operacións restantes son anticipos de subvencións pendentes de cobrar. A primeira, por un valor de 18.000 euros, a favor da UCETAG, a unión galega de cooperativas de ensino, e orientada a financiar plans de formación patrocinados pola Consellería de Traballo e que foi amortizado a finais de 2010. UCETAG tamén recibiu 24.000 euros para o Programa "Cantar



Seminario sobre Financiación Ética en El Ferrol

e cooperar", unha guía didáctica para o terceiro ciclo de primaria e gastos de funcionamento, finanziados tamén pola Consellería de Traballo. O terceiro préstamo, a favor da cooperativa de traballo Intergal, foi por valor de 11.000 euros e finanziou as axudas pendentes de recibir pola contratación indefinida de persoas desempregadas de máis de 45 anos. Sinerxia, a federación de cooperativas de Galiza, recibiu 20.000 euros no marco do convenio de colaboración asinado coa Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, para varios programas de fomento do cooperativismo e a economía solidaria. Finalmente, adiantáronse 21.000 euros a Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais polos estudos, entre outros, sobre I +D+ i no cooperativismo galego, cofinanciadas pola Xunta de Galicia. **Coop57-Galiza**, con pouco máis dun ano de vida, xa está integrada por 19 entidades e 66 persoas.

Nos últimos meses, a sección galega ten participado en numerosas actividades sociais como a Feira de Produtos Artesanais e Ecológicos de Burela, o Seminario sobre Financiamento Ético e Solidario de Base Cooperativa en Ferrol, a presentación do grupo local de ATTAC en Chantada ou a Xornada de Divulgación Cooperativa en Marín. En novembro, entidades e socias de **Coop57** tomaron parte activa na Xornada de Intercooperación a través de mercados de Economía Social e Solidaria, organizadas en Pontevedra no marco dun programa plurianual impulsado pola federación Sinerxia, e as unións Ugacota e Ucetag. A sección galega tamén redobrou esforzos para dar un novo impulso á rede REAS en Galiza. Ademais, a nivel interno, impulsaron un proceso de mellora da avaliación social das entidades socias de **Coop57**.

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras



Catalunya (70)

- | | | | | |
|------------------------|------------------------------------|---|---|---|
| Jordi Ortiz Gil | Miquel Gené Molins | José Manuel Fernández Pastor | José Fernando Mota Muñoz | Gregor Contreras Pérez |
| Matthias Krüger | Cooperativa Mujeres P'alante | Gabriel Llesa Vivancos/Ma. del Mar Alcalá | Ma. Encarnación Navarro G./Miquel-A Faura | Susana Molina Ramírez/Andrés Santos Molin |
| Manuel María Happe | Ma. José Rosario Coma Menéndez | Carles Fernández Julià | Josep Pitarque / Elvira Ruiz | Juan Carlos Devís Ortega |
| Skincure, S.L. | Martí Miquel i Méndez | Antoni Arrufat González | Judit Font Redolad | Miren Etxezarreta/ José Iglesias |
| Sílvia Martínez Jimeno | Federico Solano Díaz | Mireia Mas Giménez | Carme Colomer Marçet | Ricardo Blanco Blanco |
| Sandra Sánchez Ariete | Xavier Torrents i Ludewig | Dinora Velasco Ortiz | Ma. del Mar Albà i Soler/Laura Colosci | David Rossell Ortega |
| Laura Solà Martínez | Oriol de Quadras Sherdel | Xavier Urbano i Yuste | Xavier Gusi Ventura | Esther Vilarnau Reig |
| Teresa de Fortuny | Francisco Javier Toret Medina | Marius Lleixà Cebrián | Joan Puente Massip | César Caparrós Lara |
| Puig-Cisa | Judith Burrull i Mestres | Alexandre Duran Grant | Mireia Grazalema Gil Seguí | Javier Hernández Rodríguez |
| Xavier Bohigas Janoher | Marco Antonio Gordillo Rojas | Creu Magarzo Campo | Laura Ganzer Justicia | Jordi Vieco Sánchez |
| Carles Masià Serra | Benigno Martínez / Josefa Martínez | Alfredo Cuevas Diarte | Christian Giménez Márquez | |
| Ma. del Mar Albà Soler | Jesús Floro González | Maria Eva Fernández Lamelas | Raül Beltran Benages | |
| Mateo Adrian Amatria | Ramon Vidal Miras | Marta Ayala Rovira | Diego Tascón Tello | |
| Ortega | Ma. José Ramos Vidal | Adrià Crespo Ortiz | Clara Foz Altarriba | |
| Mònica Diaz Von Der | | Ass. La Piña Pedagogía Compartida | | |
| Fecht | | Enric Solà Munarriz | | |
| Josep Maria Monferrer | | | | |
| Celades | | | | |
| Carla d'Arnaude del | | | | |
| Castillo | | | | |
| Maria Àngels de Miquel | | | | |

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

COOP57-ANDALUCÍA

Cinco novas entidades socias e catro operacións por valor de 94.819 €

Durante os últimos seis meses, Coop57-Andalucía aprobou catro novas operacións de financiamento. A primeira, por un importe de 41.219,84 euros a 7 anos a favor da libraría gaditana La Clandestina para custear as obras de axeitamento e reforma do local necesarias para pór en marcha o proxecto. La Clandestina abriu as súas portas o pasado decembro.

O segundo préstamo foi recibido por CALESUR (Centro de Asesoría Legal y Estudios Económicos del Sur), por un importe de 18.000 euros a 5 anos coa fin de financiar a adquisición dun novo local social. A terceira operación, por valor de 18.600 euros, anticipa catro subvencións recibidas por Eco-Unión de

varias administracións públicas para implementar o programa 'Global Ecoforum 2010'. Finalmente, a última operación é a favor da cooperativa Mouzone, por un valor de 17.000 euros, na apertura dunha liña de circulante dispoñible para os vindeiros tres anos.

Doutra banda, cabe destacar a participación de Rafael Ramírez e Luís Ocaña, en representación de Coop57, nas xornadas "Voluntariado, Finanzas Alternativas e Inclusión Social", organizadas o primeiro de decembro en Mérida (Extremadura) pola asociación Banca Ética Badajoz, socia colaboradora de Coop57.

NOVAS ENTIDADES SOCIAIS

Librería Atrapasueños

Proxecto cooperativo sociocultural conformado actualmente por 56 socias. Constituído recentemente como cooperativa de consumidoras e usuarias, naceu o pasado 1º de maio proxectando dez anos de experiencia previa da Asociación Cultural Atrapando los Sueños, que desenvolve tarefas de editorial, libraría e distribuidora informal. atrapasuenos.wordpress.com

Asociación Aula Co-Educativa



Asociación educativa e cultural sen ánimo de lucro, con sede en Plasencia (Cáceres), comprometida na defensa e protección do xogo pedagógico para todos os nenes e nenos. Impulsa o innovador Ludobus, unha ludoteca móvil que percorre o territorio para facer chegar o xogo a todos os pobos, barrios e recunchos: escolas, centros para a terceira idade e asociacións. www.ludobus.es



Eco-Unión

Asociación de Profesores para el Medio Ambiente

Ambiente é unha entidade ambiental sen ánimo de lucro que agrupa profesionais de varias disciplinas unidos por unha conciencia común ao servizo do desenvolvemento sustentábel. Fundada no ano 2005, impulsa a promoción social e o fomento de valores ambientais en todos os ámbitos. www.eco-union.org



Mouzone S. Coop. And.

Cooperativa de traballo dedicada á programación e o deseño, integrada por profesionais do sector da comunicación que, ademais de ofrecer solucións, xera oportunidades, e traballa en formatos multiplataforma (web, imaxe, vídeo, aplicacións). www.mouzone.com



La Clandestina

Novísimo proxecto de libraría-café no corazón de Cádiz que é a vez libraría, espazo cultural e punto de encontro e intercambio. Especializado en editoriais alternativas de temática social, dispón de seccións de literatura infantil e xuvenil, banda deseñada, poesía, ensaio e narrativa. La Clandestina é tamén biblioteca social e programa periodicamente actividades culturais. www.la-clandestina.com

Cinco novas entidades asócianse á sección

Coop57-Madrid aprobou unha nova operación por valor de 7.920 euros a favor de Altekio, Iniciativas hacia la Sostenibilidad S. Coop Mad. O préstamo financia a investigación para a implantación do Mercado Social de Madrid, subvencionada pola Consejería de Ocupación y Mujer da Comunidad de Madrid. Ademais, foron renegociadas as condicións de pagamento do préstamo anterior concedido ao Club Ventura para un investimento en obras de acondicionamento e insonorización do local por valor de 30.000 euros. Entre o 11 e o 14 de novembro pasado, Coop57-Madrid participou activamente, con caseta propia, na "V Feira de Comercio Xusto de Castilla-La Mancha" celebrada en Toledo. Durante os últimos seis meses cinco novas entidades asóciaronse a Coop57-Madrid:

Asociación Punto y Comma

Asociación editora do quincenal *Diagonal*, un medio social de información e actualidade, investigación e análise que naceu no seo dos movementos sociais e que construíun unha proposta informativa crítica, seria e de calidade, converténdose no referente estatal da prensa alternativa. www.periodicodiagonal.com



Katal I+D+i S. Coop. Mad.

Cooperativa de traballo implicada na transformación social mediante o deseño de programas de investigación. Con carácter innovador e con experiencia na formación, fomenta ferramentas e sistemas de utilidade para a contorna laboral e a vida cotiá.



www.cooperativakatal.org

COOP57-ARAGÓN

Sete novos préstamos por valor de 265.450 € marcan o último semestre

Durante os últimos seis meses do ano, a sección aragonesa de Coop57 –integrada por 39 entidades e 230 socias– aprobou sete operacións de préstamo. En xullo concedese un préstamo de 45.000 euros á asociación de intervención socioeducativa El Trébol para financiar as facturas emitidas ao Concello de Zaragoza, correspondentes ao programa de desenvolvemento de actividades de tempo libre no barrio de Torrero. En setembro, por valor de 65.000 euros e a 5 anos, aprobouse un crédito ao Grupo La Veloz Cooperativa para cubrir as diferenzas entre pagos e cobramentos das actividades comerciais da cooperativa.

Durante outubro aprobáronse dous anticipos de subvencións. O primeiro á ASAPA (Asociación de Seguimiento y Apoyo a Presos y Presas en Aragón), por un importe de 22.450 euros en relación cos programas subvencionados polo Instituto Aragonés de Ocupación do Goberno autonómico. A segunda, por un valor de 18.000 euros a favor de REAS (Red de Economía Alternativa y Solidaria de Aragón), para adiantar a subvención outorgada polo Concello de Zaragoza relativa ao fomento de accións de promoción do mercado social.

COMISION ciudadana ANTISIDA ARAGON

En decembro, finalmente, foron aprobadas dúas operacións máis. Un endoso de facturas por un valor de 25.000 euros a favor da cooperativa Tiebel, correspondentes á prestación de servizos ao Concello de Zaragoza no marco do programa “Orientación, tutorización e intermediación laboral y empresarial para mujeres con dificultades”. Ademais, a activa Comisión Ciudadana Antisida recibiu 55.000 euros como adianto da subvención outorgada polo Goberno de Aragón para programa de promoción da saúde e prevención do VIH/SIDA 2010.

Durante os últimos seis meses concedeuse finaciamento de circulante, por valor total de 35.000 €, á cooperativa de acompañamento terapéutico 2a Vía e á cooperativa Girasolar.

Comisión e acción social

Cabe destacar ademais que a Comisión Social de Coop57-

Aragón puxo en marcha, no marco do Plan de Traballo 2010, unha profunda revisión das entidades socias da sección cun dobre obxectivo: actualizar e coñecer a radiografía do tecido social e produtivo que conforma a cooperativa, revisar o seu compromiso ético e social e á vez fomentar Coop57 entre todas as asociadas, así como sistematizar as experiencias acumuladas para salvagardar a memoria de Coop57. Durante o último semestre de 2010 Coop57 participou, entre outras, nas xornadas sobre Banca Alternativa celebradas en Huesca o 12 de decembro no Museo Pedagógico da cidade. Javier Ortega tomou parte na charla organizada por Mirando

ao Sur no marco das Xornadas ‘Consume san, consume próximo’. Ademais, en setembro, coincidindo coa Folga Xeral, a sección aragonesa participou en diferentes entrevistas en radios libres e comunitarias de Zaragoza; en novembro protagonizou unha reportaxe sobre alternativas á crise en Aragón TV e en decembro el Periódico de Aragón dedicou a reportaxe “Préstamos de carne y hueso”.



Préstamos de carne y hueso

La cooperativa Coop57 Aragón emerge como alternativa de servicios financieros, con créditos y ahorros con valor ético y social al límite en 120.000 euros



El Periódico de Aragón

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

ón madrileña

Yerel S. Coop. Mad.

“Yerel”, na variante caló do romaní, significa transformar. A cooperativa está formada por un grupo interdisciplinar de profesionais que interveñen no desenvolvemento comunitario desde a educación, a psicoloxía ou o traballo social.

no desenvolvemento comunitario desde a educación, a psicoloxía ou o traballo social.

www.yerel.es



COOP57-MADRID

Dabne, Tecnologías de la información S. Coop Mad.

Cooperativa de traballo asociado constituída en 2005 e dedicada ás tecnoloxías da información en base ao software libre. Especializada en deseño e ferramentas para a web, fomenta a integración das tecnoloxías en ámbitos sociais e educativos e ofrece formación, consultoría e migración a software libre.

www.dabne.net



Asociación A la Verita

Asociación en constitución que se define como pacífica, libertaria, autoexplotación, igualitaria e respectuosa coa contorna social e ambiental e a autonomía persoal. Fomenta proxectos de educación e formación, de reciclaxe e recuperación, e de iniciativas no eido agroalimentario.

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

PRÉSTAMOS CONCE

TOTAL 1.327.311,83 €

A longo prazo

Fundació Els Tres Turons **60.000** a 60 meses

P492 Fundación privada dedicada á atención de persoas con enfermidades mentais desde unha vertente social, inclusiva e comunitaria. Finánciase, anticipadamente, a amortización dunha hipoteca subscrita con Triodos Bank para financiar a compra dun local onde se impartirán talleres de formación.



CDIAP Sant Andreu s.c.c.l. **35.000** a 60 meses

P493 Cooperativa de traballo que xestiona o Centro de Desarrollo Infantil y Atención Precoz de Sant Andreu de la Barca. O préstamo financia as obras de adecuación e ampliación do local sito na rúa Doutor Vila para prestar servizos de atención precoz na comarca do Baix Llobregat.

OPS, Factoría de Serveis S.C.C.L. **30.000** a 36 meses

Pr495 Cooperativa de traballo nacida en 1992 dun proxecto de autoemprego, dedicada á formación, o asesoramento e a consultoría especializada na Administración pública. O préstamo financia as actividades ordinarias propias da cooperativa.

Frescoop s.c.c.l. **200.000** a 46 meses

P500 Cooperativa mixta de traballo e consumo implicada na loita contra a exclusión social e con sede no Prat de Llobregat. Dédicase á compra, producción e distribución de produtos frescos. O préstamo financia os investimentos para o proxecto "Cocinas del Bages", que consiste na xestión de 20 comedores escolares de diferentes poboacións da comarca.



Ass. Dr. Francesc Tosquelles **39.900** a 58 meses

P509 Asociación de familiares de persoas con enfermidades mentais. O préstamo financia as obras de reforma e axeitamento do novo local social situado na rúa Mare Moles de Reus.

La Ciutat Invisible s.c.c.l. **17.000** a 48 meses



P525 Cooperativa de traballo do barrio de Sants de Barcelona que é á vez libraría e editorial, implicada na investigación da memoria dos movementos sociais e cunha ampla actividade no estampamento téxtil. O préstamo financia as obras de adecuación dun novo local, a edición de novos libros e a remodelación das áreas de traballo.

Casal dels Infants per a l'Acció Social als Barris **120.000** a 60 meses

P526 Histórico Casal d'Infants do Raval barcelonés, nado en 1983 baixo o impulso do movemento veciñal para loitar contra a exclusión. Dá resposta ás situacións de necesidade da infancia e mocidade vulnerábeis que habitan en barrios degradados. O préstamo financia as obras de adecuación dun novo local na rúa de Santa Amàlia de Barcelona.

 **Casal dels Infants**
acció social als barris

ETCS s.c.c.l.

40.000 a 60 meses

P527 Cooperativa de traballo de Barcelona integrada por persoas provenientes da docencia, a intervención comunitaria e a investigación social e dedicada á investigación e o asesoramento social. O préstamo financia o funcionamiento ordinario da cooperativa.



Roba Amiga s.c.c.l.

50.000 a 60 meses

P530 Cooperativa de traballo nacida en 2006 do Programa Roba Amiga e integrada por cinco empresas de inserción. O préstamo financia itinerarios de inserción e proxectos en materia de residuos téxtils.



Teteria Malea s.c.c.l.

18.000 a 36 meses

P535 Cooperativa de traballo constituída o 2004 en Sants (Barcelona). Rexenta unha tetería autoestionada por mozos vinculados ao tecido social e aos movementos alternativos e asemblearios do barrio. O préstamo financia novos investimentos para reformular e ampliar a actividade da cooperativa.



Fundació Aureli M. Escarré pels Drets

Col·lectius dels Pobles **150.000** a 72 meses

P541 Fundación polos Dereitos Colectivos dos Pobos do histórico Ciemen (Centre Internacional Escarré per a les Minories Ètniques i les Nacions), nacido en 1974 e que promove o coñecemento e recoñecemento dos dereitos dos pobos. O préstamo financia as obras de adecuación e remodelación da súa sede social en Barcelona.

El Tatobot **3.000** a 24 meses

P542 Asociación para a Crianza Compartida, con sede no barrio de Sants de Barcelona, dedicada á promoción dun modelo educativo compartido. O préstamo financia o traspaso a un novo local na rúa Almería.



Fundació Sigea

7.210,42 a 24 meses

P547 Fundación de educación ambiental dirixida ao mundo educativo dos municipios do Baix Llobregat (Barcelona), a través de talleres, programas e xornadas acordados cos centros escolares e os municipios, con preto de 40.000 persoas alumnas/os. O préstamo financia a amortización de operacións anteriores e o funcionamiento ordinario da entidade.

Copertex s.c.c.l. **12.000** a 24 meses

P551 Cooperativa de traballo que xestiona tres tendas de roupa en Sabadell, Mollet del Vallès e Lleida. A operación financia a compra de mercadorías e o funcionamiento cotián da cooperativa.

El Timbal s.c.c.l. **30.000** a 60 meses

P558 Escola de persoal das artes escénicas e creativas reconvertida en cooperativa o ano pasado, con 41 anos de experiencia acumulada e máis de 11.000 persoas alumnas/os. A operación financia o traspaso de activos e pasivos á cooperativa.

DIDOS CATALUNYA

2º SEMESTRE 2010

A curto prazo

Sida Studi

50.000 a 8 meses



P506 ONG nada en Barcelona en 1987, integrada e arrraigada no barcelonés barrio do Raval, que traballa na capacitación de persoas para previr o VIH/Sida. O préstamo financia o funcionamento ordinario da entidade.

Esportistes Solidaris

37.800 a 11 meses

1-0
Esportistes Solidaris

P511 Asociación sen ánimo de lucro que promove a práctica deportiva como dinámica de mellora da saúde física e psíquica das persoas empobrecidas, privadas de liberdade ou en risco de exclusión social. A operación financia o programa de acción social nas prisións de Xirona e Figueres.

Albera s.c.c.l.

100.000 a 11 meses



P513 Cooperativa de traballo de Badalona dedicada á carpintaría. O préstamo financia a compra de material e a fabricación de elementos de madeira para equipar 16 escolas-gardaría municipais de diferentes municipios de Catalunya (13) e das Illas Baleares (3), adxudicadas por concurso público.

Semahia | Agrupa't

11.000 a 11 meses



P517 A Agrupación de Personas de atención a las Adicciones a los Tóxicos (Agrupa't) é unha asociación nada en Lleida no ano 2003 dedicada ao ámbito da saúde comunitaria e a atención á drogodependencia. O préstamo financia a contratación dun técnico de inserción.

Ademais, concedeuse financiamiento de circulante, por un importe total de 57.000 €, ás cooperativas Clic Traç S.C.C.L., Datum S.C.C.L., ComCom S.C.C.L. e M5 Idees & Mercats S.C.C.L., e comezouse o endose de facturas da cooperativa Entorn por un importe de 23.740€.

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras



Endose de facturas

228.000 €

P498 Ex-Libris S.C.C.L.

10.000 € Libros dixitais

P502 ETCS S.C.C.L.

30.000 € Dinamización da comunidade Inicia

P518 Reptes S.C.C.L.

18.000 € Contidos XTEC 2.0

P524 Futur Just, E.I.

30.000 € Menús comedores sociais

P532 Albera S.C.C.L.

30.000 € Equipamento de garderías municipais

P552 E.I. Foresterra S.C.C.L. **90.000 €** Restauracións e protección ambiental

Ed. Teide

Traballo | Generalitat de Catalunya

Educación | Generalitat de Catalunya

Ajuntament de Barcelona

Ajuntament Sencelles

y Vilafranca de Bonany (Baleares)

Concellos de l'Alt Empordà

Acción Social | Generalitat Catalunya

Intercooperación

7.661 €

P546 Arç S.C.C.L. > Albera S.C.C.L. **7.661,41 €** Pólizas de seguros

reflexión

socia

préstamo

accio

cifras

PRÉSTAMOS

Anticipos financeiros de facturas, convenios e subvencions

1.304.000 €

I P494 Desenvolupament Comunitari	60.000	Programas inserción sociolaboral	Servizo Ocupación Catalunya (SOC)
I P496 y 521 Fund. Pere Ardiaca	26.200	Varios progamas	Varios Generalitat Catalunya
I P497 Futur Just E.I.	30.000	Contratación persoal técnico inserción	Igualdade Dpt. Traballo
I P499 Casal dels Infants	80.000	Acciones barrios e inserción xuvenil	ACCD e SOC Generalitat Catalunya
I P501 Acció Social Baris	100.000	Promoción mulleres indíxenas	Ajuntament Barcelona
I P503 i 523 Gestión Red 2002	103.500	Prevención VIH/SIDA	Ministerio de Sanidad
I P504 Sos Racisme Catalunya	20.000	Convenio de colaboración	Acción Ciudadana Generalitat Cat.
I P505 Barnamil	7.000	Cambio climático e enerxías renovábeis	Generalitat Catalunya e Aj. St. Cugat
I P507 ETCS S.C.C.L.	27.000	Plans locais inclusión social	Servizos Sociais Generalitat Cat.
I P508 Ass. de Circ Rogelio Rivel	25.000	Técnicas de circo y espectáculo	Justicia Gen. Cat. Obra Social La Caixa
I P510 Escola Sant Gervasi S.C.C.L.	50.000	Plans formativos	Servizo Ocupación Catalunya (SOC)
I P512 Atlàntida, Professionals Interculturalitat	7.000	Apoio a persoas migrantes	Acción Social Generalitat Catalunya
I P515 APRISE	18.000	Plans de ocupación	Servizo Ocupación Catalunya (SOC)
I P516 GIROLA-CRAMP	5.300	Servizos de orientación familiar	Diputació de Girona
I P519 L'Arada S.C.C.L.	25.000	'Mujer y gente mayor' e 'Actúa2'	Servizo Ocupación Catalunya (SOC)
I P520 Agrupa't	25.000	collida e reforzo integral drogodep.	Saúde Generalitat de Catalunya
I P522 Xarxa de Consum Solidari	30.000	UNORCAC e Ecuador	Ajuntament de Barcelona
I P528 L'Olivera S.C.C.L.	60.000	Consolidación cooperativa	DG Economía Cooperativa
I P529 Plataforma per la Llengua	100.000	Convenio promoción do catalán	Varios Generalitat de Catalunya
I P531 REDS	18.500	Plans de ocupación/Mujeres	SOC Diputación de Barcelona
I P533 i 553 RAI	35.000	Fomento capacitación sociolaboral	Varios Generalitat de Catalunya
I P534 Tres Branques S.C.C.L.	36.000	Consolidación de la cooperativa	DG Economía Cooperativa
I P536 Desenvolup. Comunitari	30.000	Mediación conflictos en Guinea	Unión Europea
I P537 Centre Dones Bonnemaison	15.500	Convenio de colaboración	Diputación de Barcelona
I P538 Fund. Iniciatives Solidàries	15.000	Pisos acollida menores non acomp.	Servizos Sociais Aj. Barcelona
I P539 EICA Casc Antic	15.000	Impulso Plan de Acogida 2010	Servizo Ocupación Catalunya (SOC)
I P540 Col·lectiu Maloka Colòmbia	30.000	Varios Secretaría Mocidade	Generalitat Diputació de Barcelona
I P543 Prod. i Serveis Vall S.C.C.L.	28.000	Consolidación cooperativa	Diputación Girona DG Economía Coop.
I P544 Titània-Tascó S.C.C.L.	20.000	Consolidación cooperativa	DG Economía Cooperativa
I P545 Tamaia S.C.C.L.	27.000	Programas contra a violencia	Institut Català de les Dones
I P548 Xarxa de Custòdia del Territori	60.000	Proyecto piloto modelos de custodia	Fundación Biodiversidad
I P550 Fundació CONFAVC	30.000	Formación de persoas migrantes	Acción Social Generalitat Cat.
I P555 La Ciutat Invisible S.C.C.L.	10.000	Fomento economía cooperativa	DG Economía Cooperativa
I P556 GREC	20.000	Integración, igualdad, coeducación	Varios Generalitat de Catalunya
I P557 ADEC-Etiquetatge en català	25.000	Edición do catálogo e outras	Innovación Generalitat de Catalunya
I P559 Plataforma Entitats Roquetes	40.000	Xestión Centro Cultural 'Ton i Guida'	Ajuntament de Barcelona
I P560 ACAF Comunitats Autofinanciadas	30.000	Convenio intervención inclusión social	Acción Ciudadana Generalitat Cat.
I P561 GTT- Grupo Trabajo sobre VIH	20.000	Programa 'Infovihtal'	Plan Nacional sobre a SIDA



ACCIONES

El hombre con los pies en la tierra

22 de setembro • Col·lectiu Ronda • Barcelona

Organizada polo CASAL, a Intersindical Alternativa de Catalunya, o Col·lectiu Ronda e Coop57, presentouse en Barcelona o libro *Diego Cañamero Vale. El hombre con los pies en la tierra*, un libro coordinado por Joaquín Recio da editorial andaluza Atrapasueños. A obra repasa a traxectoria dun dos xornaleiros andaluces que puxeron cara, ollos e dignidade á longa loita do Sindicato de Obreiros do Campo (SOC).



Economía cooperativa

23 setembro • Aposte • Posgrado IGOP ECCOOP2010




Como xa é habitual, Coop57 volveu participar na cuarta edición do posgrao de Economía Cooperativa impulsado polo IGOP (Universidad Autónoma de Barcelona) e Aposte, Escuela de Cooperativismo. Raimon Gassiot, en nome de Coop57, tomou parte na sesión, coordinada por Xavier Gallofré de Gedi S.C.C.L., sobre 'Deseños organizativos dentro do cooperativismo e características da xestión cooperativa'.

Financiamento cooperativo en tempo de crise

Do 27 de setembro ao 8 de outubro, IMPEM, Mataró

6 de outubro, Badalona

Promovida polo Instituto Municipal de Promoción Económica de Mataró (IMPEM), e enmarcada no Plan de Dinamización para o Fomento de la Economía Cooperativa 2010-2013, Raimon Gassiot, por Coop57, participou na mesa redonda "Queres descubrir novas liñas de financiamento?", xunto a experiencias como Fets, Fiare e Sicoop. Similar intervención produciuse en Badalona, o 8 de outubro, no Centro Cívico de la Salut: organizada polo Concello local baixo o título "Microxornada sobre Financiamento", Ramon Pascual presentou o relatorio "Coop57, una alternativa financiera ética y social ante la crisis".



Cooperativismo agrario: de Brasil a Catalunya

18 de outubro, Can Fulló, CASAL

No marco dunha visita de intercambio de experiencias con Cresol Central, organización brasileira de recursos financeiros de Rio Grande do Sul que apoia a agricultura familiar, o CASAL organizou un encontro na masía de Can Fulló con dous eixes: agricultura familiar e cooperativas agrarias (que contou coa participación dos agricultores Pep Riera, Josep Pàmies e Jeromo Augado) e unha Mesa de Finanzas, dinamizada por Ramon Pascual (Coop57), Peru Sasia (Fia-re) e Lluís Roig, un membro histórico do cooperativismo agrario.

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

Capitalismo, unha historia de amor

23 de outubro

VI Mostra de Cinema polos Dereitos Humanos, Gavà

Mostra organizada por entidades locais e o Concello de Gavà (Baix Llobregat, Barcelona) co obxectivo de actuar como xanela da situación dos dereitos humanos no mundo e con tres eixes de debate: pobreza, diversidade biolóxica e diversidade cultural. David Fernández, por Coop57, participou no diálogo posterior da proxección de "Capitalismo, unha historia de amor", de Michael Moore, xunto a Javier Fernández, de Ecoconsum, e as Comunidades Autofinanciadas (ACAF).



Emprendedores e emprendedoras colectivas e singulares

10-12 de novembro,

Colegio de Ingenieros Técnicos de Catalunya, Aracoop

No marco das xornadas de Emprendedores Cooperativos organizadas por Aracoop, que acaba de cumplir o seu quinto aniversario, Coop57 tomou parte da mesa redonda "Experiencias singulares do cooperativismo". Participaron Eva Martínez-Picó, directora-xerente de Productes i Serveis da Vall S.C.C.L., Raül Robert, de Sostre Cívic, e Mercè Llauradó, de Apindep Ronçana S.C.C.L. Todas as entidades son socias de Coop57. O debate foi presentado e moderado por Mercè Fluvia, presidenta da Federación de Cooperativas de Consumidores y Usuarios de Catalunya.

JORNADAS D'EMPRENEDORIA COOPERATIVA
5º aniversari d'Ara_Coop, sccl

reflexión

socias

préstamos

acciones

cifras

ACCIONES

De Vic a Salou, pasando por Coop57

1 de decembro, Salou, IES Jaume I

1 de decembro, Vic, Centro Social La Torratxa

Organizada no Instituto Jaume I de Salou e dirixida ao bacharelato de Sociais, ao ciclo de grao medio de Xestión Administrativa e ao ciclo superior de Secretariado, **Ramon Pascual** impartiu a conferencia “Coop57, servizos financeiros éticos e solidarios”. O mesmo día, no Centro Social Autogestionado de La Torratxa de Vic, **David Fernández** presentou a experiencia práctica de Coop57, no marco das xornadas sobre cooperativismo “¿Cooperas ou compites?” organizadas polo centro social da capital de Osona, que o mesmo día inaugurou a súa Biblioteca Social.



Investir nas persoas

16 de decembro, Auditorio Caixaforum, Barcelona



Organizada pola Mesa de Entidades del Tercer Sector Social de Catalunya, **Coop57** tomou parte do eixe “Iniciativas do Terceiro Sector para dar resposta ás propias necesidades financeiras”, onde expuxo as sete experiencias recentes de emisión de títulos participativos. Tamén participaron **Jordi Ibáñez**, por Fiare; **Sergi Valentí**, pola Fundació Catalana de l'Esplai e **Christian Meca**, da empresa social Iuna. O encontro foi preludio do posterior informe “Entidades Financieras y tercer sector”, presentado en xaneiro.

10 anos de finanzas éticas e alternativas

25 de novembro, Universitat de València,
| Enclau | 19 e 20 de novembro, Centro
Ovidi Montllor, Alcoi.

Organizadas con motivo do 10º aniversario de Enclau, rede para o financiamento alternativo, **Ramon Pascual** (Coop57) tomou a palabra na mesa redonda “Iniciativas de financiamento alternativo desde a economía social”, xunto a **Josep M. Farrés** (Oikocredit) e **Peru Sasia**, director do Proxecto Fiare. A semana previa, **Hernan Córdoba** e **Ramon Pascual** participaron en Alcoi no Espacio de Economía Alternativa de Alcoi. Organizadas por ACSUD Las Segovias no Centro Ovidi Montllor, no debate sobre “Alternativas actuais de financiamento ético e solidario”, interveu Ramon Pascual acompañado por **Jordi Marí** (Fiare) e **Erik Persson** do JAM Medlemsbank de Suecia.



Outras

REAS: Coop57, seleccionado

A experiencia social e económica de Coop57 foi seleccionada nunha iniciativa audiovisual promovida desde REAS (Red de Economía Alternativa y Solidaria, de ámbito estatal) para visualizar as boas prácticas que implementa o sector da economía social no

Estado. O proxecto consta de 56 curtas que sintetizan 56 experiencias socialmente positivas que amosan que

hai outra forma –ética e solidaria– de traballar, de producir, de consumir, de afostrar. A mostra de curtas tamén inclúe 12 experiencias de entidades socias de Coop57 de todas as seccións territoriais: as catalás Fundació Futur, L'Olivera S.C.C.L. e Fiare; as aragonesas La Veloz Cooperativa, Financiación Solidaria, Kairos S. Coop., o Bar Vegetariano Birosta, Simbiosis e 2ª Avia; a madrileña Abierto hasta el Amanecer; a andaluza Ideas e a estremeña Banca Ética Badajoz. Podedes consultar todos os vídeos na canle de REAS en Youtube: www.youtube.com/reasredderedes e no portal www.economiasolidaria.org.

29S, folga xeral

29 de setembro, ámbito estatal

Todos os traballadores e traballadoras de Coop57 de todos os territorios decidiron por unanimidade secundar a folga xeral do pasado 29 de setembro. Os sete traballadores do cadre de persoal sumáronse ao paro xeral en protesta polo peor recorte antisocial da democracia nos últimos 30 anos e para reivindicar unha saída solidaria á crise.



10J, polo dereito a decidir

Barcelona, 10 de xullo




A pesar de que non é práctica habitual, Coop57-Catalunya decidiu adherirse á multitudinaria manifestación convocada por 1.500 entidades, a iniciativa de Òmnium Cultural e celebrada o pasado 10 de xullo, baixo o lema “Somos unha nación. Nós decidimos”. Ante a gravidade dos feitos e en protesta e rexemento á sentenza do Tribunal Constitucional contra o Estatuto de Catalunya, aprobado democraticamente en referendo pola sociedade catalá, Coop57 decidiu adherirse plenamente á mobilización para defender o respecto fundamental e irrenunciábel á vontade popular.

DATOS DE INTERESE

Saldo das Achegas de Socios e Socias

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Achegas obligatorias	257.722	285.479	302.085	344.238	364.546	424.227	477.525
Achegas voluntarias	245.579	264.883	333.192	434.708	555.334	719.132	675.987
Achegas socios/as colaboradores	838.258	1.341.632	1.817.494	2.405.247	3.213.277	4.835.271	6.607.040
Achegas especiais			492.000	246.000	0	300.000	300.000
TOTAL	1.343.563	1.893.999	2.944.771	3.430.193	4.133.157	6.278.630	8.060.552



reflexión

socias


préstamos

acciones

cifras

Volumen anual de créditos concedidos

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Préstamos a longo prazo	520.300	533.626	733.488	1.168.437	907.783	1.261.153	2.091.287
Préstamos a curto prazo	149.600	216.743	387.078	459.633	881.066	1.182.552	781.577
Endoses	159.193	298.971	213.407	224.254	127.652	153.185	400.009
Anticipo de financiamento	155.307	449.444	712.802	882.500	1.511.568	1.835.662	2.869.550
Operacións especiais	0	0	480.000	91.331	99.538	45.000	65.045
TOTAL	986.404	1.498.784	2.526.775	2.826.155	3.527.607	4.477.552	6.207.468
Xestión de títulos participativos				400.000	400.000	807.000	1.019.000





“O más inútil é facer sempre o mesmo
e agardar resultados diferentes”

Albert Einstein

The background features large, light-yellow numbers '109' on a yellow gradient background. Inside the '1' is the logo for coop57 SCCL, featuring three black circles above the text 'coop57' and 'SCCL' below it, with the tagline 'servizos financieros éticos e solidarios'. Inside the '0' is another coop57 SCCL logo with the addition of 'Galiza' below it. The '9' is partially visible on the right.

coop57
SCCL
servizos financieros
éticos e solidarios

c/ Méndez Núñez, 1, pral. 2a
08003 Barcelona
T 93 268 29 49
c/e: coop57@coop57.coop

coop57
SCCL
Galiza

r/ Fernández Villaverde 4, 1º andar drto.
36002 Pontevedra
T 986 89 65 26
c/e: galicia@coop57.coop

www.coop57.coop